

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Educación

Aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís do Concello da Coruña.

Concellaría de Educación, Cultura e Memoria Histórica

ANUNCIO

Asunto: Aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís do Concello da Coruña.

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria realizada o día 14 de maio do 2020, aprobou inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís do Concello da Coruña.

O texto do Regulamento e o seu expediente estarán expostos ao público, para os efectos de que as persoas interesadas poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O exame do expediente pode realizarse:

- Na web da concellaría de Educación (<https://www.coruna.gal/educacion/gl>)
- No taboleiro de anuncios e edictos do Concello:
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)

-No propio Servizo de Educación solicitando cita previa a dirección de correo: educacion@coruna.es

O prazo de exposición pública é de 30 días hábiles dacordo co disposto no apartado b) do artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Acórdase non suspender o cómputo do prazo en virtude do Decreto da Alcaldía do 20.05.2020 por entender que se trata dun acto de interés xeral de conformidade co establecido no RD 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na redacción dada polo RD 465/2020.

A Coruña, 20 de maio de 2020

A alcaldesa, pd (BOP 3.07.2020)

O concelleiro delegado de Educación, Cultura e Memoria Histórica

Jesús Javier Celemín Santos

2020/2868